

# 1

**situación  
económica  
de Galicia**



# 1.0. panorama xeral

O obxectivo deste apartado é comenta-lo marco económico global no que se atopa a economía galega, analizando en primeiro lugar o panorama económico internacional (OCDE, zona euro, Estados Unidos e Xapón), para descender posteriormente ó contexto español e á análise dos datos da euro-rexión.

A análise deste capítulo partirá da información facilitada polo Banco Central Europeo, a OCDE, o Eurostat, o Instituto Nacional de Estadística (INE), o INE de Portugal e o Banco de España.

## Panorama económico internacional

O panorama económico internacional caracterizouse ó longo do ano 2000 polo importante crecemento experimentado pola economía norteamericana (5,0% respecto ó ano anterior,

aínda que no cuarto trimestre debilítase de xeito importante), polo dinamismo nos países emerxentes asiáticos e iberoamericanos (coa excepción de Arxentina), polas incertezas que aínda suscita a situación económica do Xapón e polo crecemento na área do euro, aínda que na segunda parte do ano amosa certa moderación no crecemento da actividade.

No concernente á **zona euro**, os datos relativos ó conxunto do ano 2000 da súa situación económica reflicten unha certa recuperación do crecemento, que comezou a manifestarse na segunda metade do ano 1999, por mor da recuperación do consumo e das exportacións. A taxa de crecemento do PIB para o conxunto do ano 2000, **cadro 1.0.1.**, situouse no 3,4% de media anual, fronte ós 2,5% do ano anterior.

A demanda interna é o principal responsable do crecemento na Europa dos países que forman parte do primeiro grupo da UEM, sendo a súa taxa de crecemento do 2,8% no ano 2000.

**Economía internacional 2000 e previsións 2001-02: variacións interanuais dos principais indicadores**

	2000	2001	2002
<b>PIB</b>			
OCDE	4,1	2,0	2,8
EE.UU.	5,0	1,7	3,1
Xapón	1,7	1,0	1,1
Zona Euro (1)	3,4	2,6	2,7
UE-15	3,3	2,6	2,7
<b>Demanda interna</b>			
OCDE	4,2	1,9	2,7
EE.UU.	5,7	1,9	3,1
Xapón	1,3	1,2	0,7
Zona Euro (1)	2,8	2,5	2,6
UE-15	3,0	2,6	2,7
<b>Balanza por cuenta corrente</b>			
OCDE	-1,3	-1,3	-1,2
EE.UU.	-4,4	-4,2	-4
Xapón	2,5	2,2	2,7
Zona Euro (1)	-0,1	-0,2	-0,1
UE-15	-0,3	-0,4	-0,4
<b>Deflactor PIB</b>			
OCDE	2,5	3,0	2,6
EE.UU.	2,0	2,3	1,9
Xapón	-1,7	-1,2	-0,4
Zona Euro (1)	1,2	2,2	2,1
UE-15	1,4	2,2	2,1
<b>Tipo de xuro a curto prazo</b>			
OCDE			
EE.UU.	6,5	4,6	4,4
Xapón	0,2	0,3	0,2
Zona Euro (1)	4,4	4,4	4,3
UE-15			
<b>Deficit (-) o superavit (+) público</b>			
OCDE			
EE.UU.	2,2		
Xapón			
Zona Euro (1)	0,3		
UE-15	1,2		
<b>Desemprego</b>			
OCDE	6,3	6,3	6,3
EE.UU.	4,0	4,6	5
Xapón	4,7	4,9	4,8
UE-11	9,0	8,3	7,8
UE-15	8,2	7,7	7,3

(1) Dentro da Zona Euro inclúese a Grecia xa que a partir do 01/01/2001 forma parte da mesma.  
Fonte: elaboración propia CES-Galicia a partir de datos do Banco Central Europeo e OCDE

No que ó sector exterior se refire, no ano 2000 a balanza por conta corrente situouse no -0,1% do PIB.

A taxa de inflación en Europa, medida a través do deflector do PIB, presenta na zona euro (máis Grecia) un nivel do 1,2%, un valor inferior ó existente no conxunto dos países da OCDE (2,5%).

O desemprego continúa a súa tendencia decrecente: o desemprego medio nos países da zona euro (máis Grecia) situouse no 9% no ano 2000, mentres na Europa dos quince foi algo inferior (8,2%) e no conxunto da OCDE acadou o 6,3%.

Respecto á situación das finanzas públicas no ano 2000, os países da zona euro (máis Grecia) continuaron coa súa política de control das finanzas públicas, experimentando un superávit do 0,3% do PIB (un déficit do 1,2% no ano anterior). A UE-15 presenta unha mellor situación, cun superávit do 1,2% do PIB fronte ó déficit do 0,6% de 1999.

A economía americana continúa amosando síntomas de fortaleza e dinamismo, experimentando no ano 2000 un crecemento do seu PIB do 5% e unha nova redución da súa taxa de desemprego, que se sitúa no 4%. Ó igual que no caso europeo, a demanda interna é o principal motor da economía e a balanza por conta corrente pre-

senta un déficit do 4,4%. Este é un dos seus principais desequilibrios macroeconómicos.

A economía de Xapón volve a presentar no ano 2000 un crecemento positivo (1,7%), aínda que continúan as incertezas dominantes nos últimos meses. En xeral, a economía xaponesa amosa certa debilidade da demanda interna e tamén un comportamento marcadamente deflacionista atendendo ós datos do deflector do PIB. Asemade, a taxa de desemprego en Xapón mantense no ano 2000 no mesmo nivel do ano anterior, no 4,7%.

## Panorama económico de España

O 2000 foi un ano favorable para a economía española dende o punto de vista da actividade e do emprego, aínda que, ó contrario do acontecido en anos anteriores, esta evolución se enmarca nun contexto de ampliación de certos desequilibrios como son os prezos e o saldo exterior.

O produto interior bruto xerado pola economía española ó longo do ano 2000 rexistrou un crecemento real, en termos da Contabilidade Nacional Trimestral, do 4,1%, unha décima superior ó rexistrado no ano anterior. A pesares de ser unha décima superior, a traxectoria intra-anual amosa un punto de inflexión no segundo trimestre do ano, de tal xeito que se rompe o perfil acelerado desde principios do ano 1999.

Dende a óptica da demanda, o cadro macroeconómico reflicte a perda de impulso da demanda interna (4,2% fronte ó 5,5% do ano anterior), que é contrarrestada pola menor contribución negativa do sector exterior.

Esta tendencia decrecente da demanda interna, que se observa de forma continuada ó longo de tódolos trimestres do ano, ven explicada pola evolución tanto da demanda de gasto en consumo final como, sobre todo, da evolución do investimento en capital fixo. O gasto en consumo final presenta, **cadro 1.0.2.**, unha desaceleración de seis décimas no ano 2000, pasando do 4,3% de crecemento de 1999 ó 3,7% de 2000,

mentres que no caso do investimento en capital fixo, a taxa de crecemento redúcese en 3 puntos, dende o 8,9% de 1999 ata o 5,9% de 2000.

Pola contra, a achega da demanda externa no ano 2000 foi menos desfavorable que a rexistrada en 1999 por mor da evolución das exportacións de bens e servicios, que aceleran o seu crecemento en máis de catro puntos (10,8% fronte o 6,6% do ano anterior, medidas en termos reais). Pola súa parte, as importacións amosan unha desaceleración do seu crecemento (10,4% fronte a 11,9% de 1999), polo que tamén contribúen á mellora da aportación do sector exterior ó crecemento do PIB.

Desde a óptica da oferta, os aspectos máis salientables que se amosan no **cadro 1.0.2.** son a pauta expansiva seguida polo sector primario, que experimenta un crecemento do 1,5% respecto ó ano anterior, e o dinamismo do sector enerxético, que se converte na rama de actividade con maior crecemento respecto a 1999.

O sector primario, despois da contracción experimentada no ano 1999, rexistrou en 2000 unha pauta expansiva, estimándose un crecemento medio anual do 1,5%. Dentro do sector primario, a agricultura experimentou unha evolución acelerada (por mor das boas colleitas de determinados cultivos como cereais, cítricos, viñedos e oliveiras) a diferenza do acontecido no caso da gandería, polo menor ritmo de produción da carne de vacún.

As actividades encadradas dentro das ramas enerxéticas son as máis dinámicas, presentando o seu crecemento un aumento en máis de 8 puntos, pasando desde o 2,2% de 1999 ó 10,6% de 2000. Atendendo á súa evolución trimestral, esta acadou o seu máximo no segundo trimestre do ano, cunha taxa de crecemento de 11,5%. Para o conxunto das ramas industriais, o crecemento interanual foi do 3,9%, sete décimas superior ó experimentado no ano anterior.

No concernente á actividade do sector da construción, o seu crecemento situouse no ano 2000 no 6,3%, inferior ó acadado no ano 1999,

CADRO 1.0.2.

*Evolución do PIB e das súas compoñentes en España 1999-00: base 1995* (1)

	1999	2000	2000			
			trimestres			
			I	II	III	IV
<b>Gasto en consumo final</b>	4,3	3,7	4,3	4,6	3,6	2,2
Gasto en consumo final dos fogares	4,7	4,0	5,2	5,2	3,7	2,1
Gasto en consumo final das ISFLSH	3,9	0,7	-1,2	-0,2	1,5	2,6
Gasto en consumo final das AA.PP	2,9	2,6	1,6	2,8	3,5	2,7
<b>Formación bruta de capital fixo</b>	8,9	5,9	10,8	5,1	6,5	2,1
Bens de equipo	8,1	5,0	16,8	3,5	7,3	-4,9
Construcción	9,0	6,4	7,4	5,9	6,7	5,7
<b>Variación de existencias (2)</b>	0,2	-0,1	0,6	-0,2	-0,7	-0,1
<b>Demanda interna</b>	5,5	4,2	6,4	4,7	3,6	2,2
<b>Exportacións de bens e servicios</b>	6,6	10,8	10,3	10,1	11,4	11,2
Exportacións de bens	5,0	11,0	11,8	10,5	12,0	10,1
Exportacións de servicios	10,6	10,1	6,5	9,0	10,3	14,1
<b>Importacións de bens e servicios</b>	11,9	10,4	15,4	9,5	10,6	7,1
Importacións de bens	11,7	10,4	15,3	9,3	11,4	6,7
Importacións de servicios	12,6	10,4	15,7	11,0	6,7	9,2
<b>PIB a prezos de mercado</b>	4,0	4,1	4,7	4,7	3,7	3,2
Ramas agraria e pesquera	-3,1	1,5	-0,6	1,6	0,3	3,9
Ramas enerxéticas	2,2	10,6	8,4	11,5	11,3	11,0
Ramas industriais	3,2	3,9	5,0	4,1	2,9	3,6
Construcción	8,7	6,3	7,3	5,8	6,8	5,7
<b>Ramas dos servicios</b>	4,0	3,6	3,3	3,8	4,1	3,3
Servicios de mercado	4,5	4,0	3,9	4,2	4,4	3,5
Servicios de non mercado	2,0	2,5	1,5	2,6	3,2	2,8
<b>Impostos netos sobre os produtos</b>	7,1	3,8	12,1	9,6	-1,5	-4,9
IVE que grava os produtos	7,7	4,1	11,6	8,0	-2,9	-0,8
Impostos netos sobre prod. importados	8,9	-0,4	2,0	-0,5	-1,2	-2,0
Outros impostos netos sobre os produtos	5,9	3,5	14,2	13,1	0,6	-14,5

(1) a partir do primeiro trimestre de 1999 o INE presenta a Contabilidade Nacional adaptada á metodoloxía do SEC-95

(2) contribución ó crecemento do PIB  
Fonte: INE

CADRO 1.0.3.

*Índices de competitividade de España fronte á UE e á OCDE 1997-00*

	Fronte a UE		Fronte a países desenvolvidos		Fronte a países industrializados	
	IPC	Índice de Prezos industriais	IPC	Índice de Prezos industriais	IPC	Índice de Prezos industriais
	(base 1999=100)					
<b>1997</b>	99,1	99,2	99,3	99,3	98,6	98,7
<b>1998</b>	99,1	99,2	99,6	99,7	99,8	99,8
<b>1999</b>	99,8	99,4	99,0	98,7	98,9	98,5
<b>2000</b>	100,2	98,3	97,4	95,9	96,7	95,2

Fonte: Banco de España

que foi do 8,7%. A diferenza do acontecido no ano 1999, o elemento dinamizador da actividade foi a obra civil, xa que se produciu unha redución na demanda de vivendas.

O sector servicios presenta unha taxa de crecemento do 3,6%, catro décimas inferior ó de 1999. Esta desaceleración ven explicada pola evolución dos servicios de mercado, que presenta unha taxa de crecemento do 4% fronte ó 4,5% do ano anterior, dado que os servicios de non

mercado aceleran o seu ritmo de crecemento (2,5% fronte o 2% de 1999).

Desde a óptica do mercado de traballo, o número medio de ocupados no ano 2000 foi de 14.474 miles de persoas, o que supuxo un medre do 4,8% respecto ó ano anterior (657 miles de persoas). A poboación activa (16.844 miles de persoas) creceu un 2,6% en relación ó ano 1999, en tanto que o número total de parados descendeu un 9% para situarse nos 2.370 miles de

## CADRO 1.0.4.

## Indicadores principais da Eurorexión Galicia-Norte de Portugal

	Unidade de medida	Período de referencia	Galicia	Rexión Norte	Eurorexión
Superficie	Km <sup>2</sup>	--	29.575	21.278	50.853
Poboación de dereito	miles de persoas	01/01/1999 31/12/1998	2.730,3	3.592,4	6.322,7
<b>Poboación ocupada</b>			987,3	1.789,4	2.776,7
Agricultura e pesca			174,2	218,7	392,9
Industria e construción	miles de persoas	4º trim. 2000	297,3	833,2	1.130,5
Servicios			515,8	737,5	1.253,3
Taxa de paro	%		14,2	3,9	
IPC	variación media	0099	3,2	3,1	
PIB per cápita	EU-15=100	1998	64,2	66,0	
PIB per cápita	EU-15=100	1996-97-98	64,1	64,7	
Índice de poder de compra	España=100 Portugal=100	1997	93,7	83,2	

Fonte: elaboración propia CES-Galicia a partir de datos do IGE e do Instituto Nacional de Estadística de Portugal

parados. A taxa de desemprego descendeu ata o 14,1% no ano 2000, cando no ano 1999 era do 15,9%.

Respecto á competitividade da economía española, o **cadro 1.0.3.** reflicte o índice de competitividade de España fronte á Unión Europea, fronte a países desenvolvidos e fronte a países industrializados. No que se refire á Unión Europea, España perde competitividade en termos de índice de prezos ó consumo e a gana en termos de índice de prezos industriais, en tanto que fronte a países desenvolvidos e industrializados, gaña competitividade tanto nun caso como noutro.

### Panorama económico da eurorexión

Nos últimos anos estase a potencia-las relacións sociais, económicas e culturais de Galicia e o Norte de Portugal, de aí a importancia de sinala-la situación dos indicadores económicos máis importantes desta eurorexión.

A eurorexión Galicia-Norte de Portugal, tal e como se reflicte no **cadro 1.0.4.**, ocupa unha superficie de 50.853 quilómetros cadrados e conta, a comezos do ano 1999, cunha poboación de 6.322,7 miles de persoas (un 0,6% máis que nas mesmas datas do ano anterior), o que

implica unha densidade media de 124,3 habitantes por quilómetro cadrado, fronte ós 123,6 do ano precedente.

A poboación ocupada no cuarto trimestre de 2000 era de 2.776,7 miles de persoas, o que representa aproximadamente o 44% da poboación total da eurorexión. Atendendo á distribución por sectores económicos, o máis importante é o sector servicios, que acolle ó 45,1% da poboación ocupada total, seguido dos sectores da industria e construción, considerados conxuntamente, co 40,7%.

O devandito cadro reflicte a distinta importancia relativa dos sectores económicos en Galicia e no Norte de Portugal en termos de poboación ocupada. Mentres que en Galicia o 17,6% da poboación ocupada traballa no sector primario e o 52,2% no sector servicios, no Norte de Portugal estas porcentaxes ascenden ó 12,2% e 41,2%, respectivamente. Pola contra, no Norte de Portugal o peso relativo da poboación ocupada no sector industrial é superior ó rexistrado en Galicia: o 46,6% e 30,1%, respectivamente.

Comparado cos datos rexistrados no mesmo período do ano precedente, prodúcese un aumento da poboación ocupada nos tres sectores económicos, por mor da evolución seguida en Galicia, xa que no Norte de Portugal prodú-

cese un descenso da poboación ocupada nos sectores primarios e servizos.

A pesares do descenso da taxa de desemprego en Galicia no ano 2000, esta é moi superior á rexistrada no Norte de Portugal: mentres que en Galicia era do 14,2%, no Norte de Portugal era do 3,9%.

Finalmente, se consideramos que o produto interior bruto na UE-15 é igual a 100, no ano 1998 o PIB per cápita en Galicia é inferior ó estimado para a rexión Norte de Portugal: 64,2 e 66,0 respectivamente. Na media dos últimos tres anos Galicia e o Norte de Portugal presentan valores similares: a primeira presenta un 64,1 e o segundo, un 64,7. ■